



# O Camiño Mozárabe

*Antiguo hospital de peregrinos.  
Iglesia de la Trinidad. Plaza de la Trinidad, Ourense*



**Consejo editorial**

Junta directiva de la Asociación de Amigos  
de la Vía de la Plata – Camiño Mozárabe

Año 10. Número 20  
Publicación semestral

**Coordinador**

José Antonio Quintas Vázquez

**Aux coordinación**

Aser Óscar Sánchez Ruido  
José Emilio Rodríguez González  
José Luis Rodríguez Cid  
José María Lamelo Sánchez  
Manuel Fernández Debén

**Fotografía**

Archivo CEO y Vía Plata – Camiño Mozárabe  
Aportaciones de colaboradores

**Maquetación**

Jaime Armesto Conde

**Edición y revisión**

Bárbara Canedo Gutiérrez

**Edita**

Asociación de Amigos Vía Plata – Camiño  
Mozárabe  
Praza das Damas, 1. 32005 Ourense  
Tfno. 988 39 11 10 – Fax. 988 39 19 57  
Página web: [www.viaprataourense.ceo.es](http://www.viaprataourense.ceo.es)  
Correo electrónico: [viaprataourense@ceo.es](mailto:viaprataourense@ceo.es)

**Depósito legal**

OU 116-2007

# SUMARIO

- Augas do Camiño, no Concello de Silleda

Alfredo Abeledo Penas

**Pág. 3**

- Cando o pasado é o presente. As múltiples conexións entre as confrarías históricas de Santiago e as asociacións de amigos do Camiño

Manuel F. Rodríguez

**Pág. 6**

- Canónigos de Ourense peregrinos a Santiago entre 1762 y 1790

Miguel Ángel González García

**Pág. 10**

- O Milagre da Ponte Ulla

Manuel Costa

**Pág. 13**

- El Camino Mozárabe (IX)

Eligio Rivas Quintas

**Pág. 16**

- Difusión da cultura polo Camiño Mozárabe

Eligio Rivas Quintas

**Pág. 20**

- Santiago peregrino e Santa Sabina de Troyes

Francisco Singul

**Pág. 24**

## Ficha de inscripción en la Asociación

D. Dña. .... con D.N.I. nº .....

Calle ..... Nº ..... Piso .....

Localidad ..... Provincia .....

CP ..... Teléfono ..... Correo electrónico .....

Desea pertenecer a la Asociación de Amigos de la Vía de la Plata - Camiño Mozárabe de Ourense, mediante el abono de una cuota de 30 € anuales a través de domiciliación en banco o caja .....

Oficina de ..... Nº de cuenta .....

Ourense, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

Firma del interesado



# *Augas do Camiño, no Concello de Silleda*

No ano 2010, con motivo da celebración do último ano Xacobeo, case que 15.000 peregrinos percorreron o Camiño Mozárabe de Santiago-Vía da Prata, a través do Concello de Silleda. Dezanove quilómetros de vía trasdezá recibían a uns milleiros de persoas de toda condición social que tiñan como destino a catedral compostelá.

Daquelas, a Consellería de Sanidade, desenvolveu un novidoso programa de controis hixiénico-sanitarios das fontes públicas, situadas ao longo do vieiro para evitar os riscos de contraer enfermidades gastrointestinais.

Naquel momento incidíuse en dous aspectos fundamentalmente. Dunha banda, mellorando a información e comunicación das fontes existentes e os riscos, e doutra, establecendo un plan de control das augas de consumo humano.

Aproveitando a oportunidade deste medio, creo oportuno e moi necesario expoñer polo miúdo o estado actual das fontes do Camiño neste termo municipal para información dos veciños e peregrinos que aínda hoxe están a empregar as noutroira “estacións de servizo” dos animais e persoas que as transitaban.

## **Estado actual das fontes do Camiño: modalidades**

### **1\_Sen garantía sanitaria**

Das fontes analizadas, cabería distinguir aquelas que nacen e afloran dunha maneira natural, as de sempre, que se atopaban en calquera lugar nos camiños e que o costume e o estado de conservación, indicaban que se podían consumir con total tranquilidade. Era a auga en estado puro. Só a tradición oral nos informaba das súas características. Pola sona sabíamos da súa importancia. Hoxe cualifícanse xenericamente como **‘augas sen garantía sanitaria’** por non estar sometidas a ningún tipo de tratamento, nin de control sanitario, o que non quere dicir que non sexan potables nin sabedeiras.

Despois de facer un percorrido **atravesando Trasdeza hai que destacar cinco fontes destas características**, que segundo a veciñanza son consumidas decote, non secan nunca e saben ben. Trátase de tres que hai en Taboada, a saber, **Fonte de Carral, Fonte da Igrexa e Fonte do Campo da Festa**. Nestes casos hai que subliñar que cando se construíron

foron pensadas para atender, entre outros, ao camiñante, a xulgar polos idiomas que se empregan na información e o deseño das súas esculturas.



Fonte de Carral (Taboada)



Fonte da Igrexa de Taboada



Fonte do Campo da Festa (Taboada)



No núcleo de Silleda hai que falar da **Fonte de Outeiro**, tamén aflorada directamente no lugar de emprazamento “ de barrena entre pedra”. A poboación da vila en xeral, e doutras zonas, acode a ela coa fe de estar bebendo unhas augas con propiedades singulares: ser incolora, inodora e insípida. Quen o diría!! No momento de ir facer unhas fotos, tiven que facer cola dada a súa demanda.

Cos carteis de auga potable no Camiño figuran as seguintes fontes:

- **Fonte de Campo** en Silleda.
- **Fonte da Botica** en Foxo de Deza.
- **Fonte do Espiño** no Centro Cultural de Margaride.
- **Fonte do Campo da Feira**, na Bandeira.

Todas elas funcionan con dispensador e gozan de total garantía, con tratamento e control sanitarios e con aptitude para o consumo humano. Destas, hai que destacar o chafariz de Campo, conxunto monumental construído en 1950, formado pola fonte, abrevadeiro de animais e lavadoiro comunitario. Non menos importante é a coñecida como Fonte da Botica ou do Picho, situada no núcleo histórico do Foxo de Deza e recentemente restaurada.



Fonte de Outeiro (Silleda)

E xa na parroquia de Dornelas, nos límites do Concello de A Estrada, aparece outra fonte que goza dos mesmos e merecidos comentarios. É un manancial que nunca secou, nin sequera no dramático 2017, consumíuse toda a vida e ata os peixes das “peceiras” saen beneficiadas destas augas. **Aínda que non acredita garantía sanitaria, ten todas as valoracións dos usuarios**, os veciños, que nunca padeceron descomposicións intestinais. É una fonte discreta, que está á beira da igrexa románica mesmo ao pé do Camiño.

## 2\_Auga coa firma de potable

As coñecidas como potables ou aptas para o consumo humano, son aquelas que están conectadas ás redes de abastecemento público e figuran marcadas con cartel de potable. Neste aspecto o Concello tivo unha especial sensibilidade, **colocando billas con pulsadores axustados á traída de augas en lugares de paso de peregrinos**, incluso substituíndo pichos contaminados.



Fonte de Outeiro ( Silleda)



Fonte do Campo da Feira (A Bandeira)



## Curiosidades

Dentro deste capítulo hai unhas fontes que ben merecen ser vistas cunha especial atención polo que simbolizan ou queren transmitir.

En Taboada, a poucos metros da ponte medieval do século X, existe unha fonte denominada **das Fontiñas que ten unha inscrición que reza así: BBYBT**. A epigrafía non pode ser máis ilustrativa do significado e consello. Xa no lugar de Carral, tamén na xacobeá Taboada, temos outra fonte construída recentemente, que leva como símbolo no frontis a cuncha de vieira, moi significativa, e un cartel en galego, español e inglés que indica a filosofía deste servizo.



Fonte de Carral (Taboada)

Destacar a recentemente rehabilitada (2017) fonte medieval coñecida como **Fonte da Botica**, que a falta de auga natural, ten como auxiliar un pulsador de auga procedente da traída de augas municipal. Un elemento patrimonial definitivamente recuperado dos entullos para ser integrado no conxunto histórico do Foxo de Deza coa función social de todos os tempos.



Fonte da Botica. O Foxo de Deza

Outro dos traballos de cantería artística a valorar é a **Fonte do Murallón** tamén chamada do Peregrino, situada na saída da Bandeira en dirección a Lamela pola Casela, que leva como gravados definitivos o logo que sinala oficialmente o camiño, adobiado de cunchas de vieira colocadas en cascada.



Fonte do Peregrino (A Bandeira)

Aínda así e con todo quédome co gravado da Fonte das Fontiñas, hoxe practicamente en desuso pero cunha mensaxe contundente: BBYBT.



Inscrición na Fonte das Fontiñas (Taboada).

Bo Camiño para todos!

**Alfredo Abeledo Penas**

**Concello de Silleda**

## *Cando o pasado é o presente*

# *As múltiples conexións entre as confrarías históricas de Santiago e as asociacións de amigos do Camiño*

No número do pasado xuño desta revista publicouse un artigo titulado *Confrarías medievais de peregrinos a Santiago e asociacións xacobeas contemporáneas: o mesmo camiño*. Repasábase nel o sentido que inspirou o nacemento no medievo das confrarías de peregrinos a Santiago e, xa no século XX, o que determinou a orixe das asociacións de amigos do Camiño, así como os aspectos xenéricos de ambos procesos.

Procesos con coincidencias sorprendentes cando facemos o exercicio de **comparar aquelas antigas confrarías, existentes desde o século XI ata avanzado o XVIII, coas actuais asociacións**. Isto é así, aínda sendo habitual o descoñecemento destas, no momento de ser creadas, das orixes e obxectivos daquelas.

Pois ben, como autor daquel artigo comprometíame a rematalo noutro número mostrando os moitos apartados que relacionan confrarías e asociacións. Tamén o pouco que, por motivos temporais, culturais ou sociais, as separa.

De xeito forzosamente resumido e salvando todas as circunstancias temporais, imos con eses apartados. Cos contidos máis estandarizados a través do tempo, xa que os cambios e altibaixos foron moitos. Porque moito é o tempo considerado: uns oitocentos anos para as confrarías e case setenta e multitude de singularidades para as asociacións, segundo o país onde se radican, o alcance territorial, etc.

### **Orixe e asociados**

En canto á súa orixe, **as confrarías xorden impulsadas polas doazóns de antigos peregrinos xacobeos**, sobre todo de extracción burguesa. Os seus confrades son tamén de xeito preponderante vellos peregrinos e peregrinas. Estas, as confradas peregrinas, cítanse con menor frecuencia, pero con presenza documentada. O elemento animador é case sempre a necesidade interior de seguir mantendo unha relación co apóstolo e coa experiencia da viaxe a Santiago, vivida tan intensamente.

Os estatutos de varias delas así o confirman.

Humbert Jacomet sinala na *Gran Enciclopedia del Camino. Diccionario de la cultura jacobea* como en 1621 o calendario das confrarías de París cita catro de carácter xacobeo nesta cidade, unha delas a "dos peregrinos que realizaron a viaxe de Santiago en Galicia".



O hospital medieval de peregrinos da confraría de Santiago de París

O mesmo impulso move case sempre aos promotores e integrantes das asociacións de amigos do Camiño. Sobre todo aos das xurdidas desde os oitenta. Unha boa parte dos asociados, sobre todo dos impulsores, realizaron antes o Camiño.

Esta ansia asociativa tería que ver co que nalgún outro artigo teño denominado o impulso vital do *peregrino eterno*. Nun fenómeno de complexa explicación, no pasado e no presente **a peregrinación polo Camiño marca de por vida ao peregrino**. Case calquera outra experiencia semellante supeditase á pegada singular da viaxe xacobeas.

Tamén hai conexión no número de integrantes e no carácter case sempre secular, ás veces excluindo expresamente os cregos, como sucede nalgunha das antigas confrarías. Unhas e outras van, segundo cada caso, desde unhas poucas decenas de membros ata varios centos ou milleiros. Máis de mil chegaron a formar parte da confraría de París, e varios milleiros forman no presente asociacións de Alemaña, Holanda, Estados Unidos, etc. Kathrin Tremp-Utz estudou a confraría de Santiago de Berna, Suíza. Mantivo esta unha media de 400 confrades, superando





Antiga sede do hospital de peregrinos da confraría de Utrech, Holanda. Perdurou ata avanzado o século XVII

nalgún momento os 550, dos que uns 200 eran mulleres. “O exemplo da confraría de Santiago de Berna, cunha media de 400 membros, sería a proba de que este fenómeno foi un fenómeno de masas”, conclúe esta estudosa.

### Alcance internacional

Tamén na extensión territorial as semellanzas pasado-presente saltan á vista. As confrarías espalláronse por toda a Europa occidental e nórdica e países como Polonia e Hungría. En varios deles contáronse por decenas. Se non acadaron máis extensión debeuse a que **o fenómeno xacobeo dos séculos XI a XVIII foi exclusivamente europeo**, por evidentes razóns de xeografía física e humana. E sendo europeo, foi moito máis europeo que español. Apenas se contabilizan en España entidades semellantes, sen dúbida marcadas na súa razón de ser polas longas distancias e un sentido espiritual compartido que aquí nunca acabou de definirse. Esta reducida existencia de confrarías hispanas centradas no Camiño é unha proba máis a favor dunha ruta a Santiago de impulso europeo.

Pois ben, o renacer do asociacionismo xacobeo desde os pasados anos cincuenta cumpre o mesmo patrón. Nace en Francia, ten un segundo exemplo en España, e difúndese nos oitenta por Europa occidental e logo -neste tempo xa é factible- polos demais continentes, nun proceso aínda en expansión. Na contemporaneidade si que se dá unha presenza do asociacionismo en toda España. Estimo que atinxe ao feito de que *o xacobeo* se ten convertido no presente nunha experiencia espiritual a través da distancia física non definida polo lugar de orixe, senón pola exclusiva percepción experiencial xerada polo Camiño.

### As infraestruturas

As infraestruturas son o apartado que amosa as maiores diferenzas entre pasado e presente. A maioría das confrarías dispuxeron de substanciosos recursos patrimoniais. Entre estes, edificio propio, onde acostumaba a estar o hospital para os peregrinos, igrexa ou capela, sempre presidida por unha imaxe de Santiago peregrino e, nalgúns casos, cemiterio para confrades e peregrinos.

Malia os duros avatares da historia, consérvanse varios destes edificios por Europa adiante, case sempre dedicados a novos usos, e varias imaxes. O historiador holandés Jan van Herwaarden cita que a sede da confraría de Santiago de Utrech, quizais a máis grande dos Países Baixos, “tiña comedor, capela, hostel e uns dez cuartos”.

No presente esta situación non se dá. **Case ningunha asociación dispón de sede propia. A maioría recorre a unha sinxela sede alugada ou cedida.** Iso si, como no pasado, distintas asociacións, tanto españolas como estranxeiras, xestionan en propiedade ou por concesión albergues de peregrinos en rutas de varios países, casos de España, Francia, Italia, etc. Algunhas das máis potentes, como a norteamericana, mesmo colaboran financeiramente ao respecto con outras asociacións.

### Recuperación e mantemento das rutas

As confrarías non tiñan como obxectivo a creación de rutas a Santiago. Aínda así, hai referencias á colaboración no seu mantemento e a medidas para garantir o tránsito por elas. Varias, **impulsaron a mellora das superficies de tránsito, a creación de pontes, as labores de vixilancia e sinalización**, etc.



Albergue da asociación de amigos do Camiño de Estella, a máis antiga de España, creada en 1962



Sinalización do Camiño na cidade de Xenebra, promovida polas asociacións xacobeas suízas

Hai neste sentido algún caso moi destacado -esta vez si- en chan español. Citamos a Confraría do Santo, de Santo Domingo de la Calzada, no Camiño Francés, e a dos Falifos, no Camiño Sanabrés-Mozárabe galego.

Adaptado aos novos tempos, ese mesmo espírito, actualizado e reforzado, preside os obxectivos das asociacións. Desde os oitenta -en Francia, xa desde os cincuenta- impulsaron os estudos históricos e de campo das rutas, e a súa sinalización e dotación, na medida do posible, de recursos básicos específicos, como a credencial, certos albergues, etc. Tal foi o alcance deste labor, que se pode afirmar que case todas as actuais rutas a Santiago foron estudadas, trazadas, sinalizadas e promovidas en primeira instancia por asociacións de amigos do Camiño. Unha tarefa impagable, a agradecer por peregrinos, Igrexa e Administracións públicas.

### Hospitalidade e acollida

Outro apartado que está na base irrenunciable da vitalidade xacobeá máis propia. O fenómeno das confrarías con hospital para os peregrinos a Santiago resultou sobre todo de alcance extrapeninsular no pasado. Unha excepción foi a confraría que houbo na propia cidade de Santiago para administrar e atender o hospital medieval para peregrinos pobres promovido

polo arcebispado compostelán, na que formaban homes e mulleres. No presente, esta realidade é principalmente peninsular, dado o fenómeno de comezar o Camiño en territorio español ou próximo a este e non, como sucedía no pasado, na porta da casa de cada peregrino.

Pero esta é a única diferenza. O espírito é o mesmo. **Nas antigas confrarías a atención ao peregrino case sempre era cuestión desinteresada dos confrades**, que acostumaban a facer quendas para isto. En 1538 o hospital de Santiago de Utrech atendíao unha media de 8 confrades a un tempo.

Ao contrario do que sucede no presente, todo indica que non había cursos de formación para os antigos hospitaleiros. Pero é ben certo que tiñan case sempre amplos coñecementos ao respecto, tanto culinarios -pois os peregrinos case sempre recibían algún tipo de alimento gratuito-, como sanitarios e de experiencia da ruta. Algo semellante ao que sucede cos hospitaleiros contemporáneos, case sempre membros de asociacións de distintos países experimentados no Camiño e cun afán de fraterna axuda aos novos camiñantes.

Afortunadamente, os hospitaleiros actuais non teñen a ingrata misión de enterrar aos frecuentes peregrinos falecidos en ruta, como si sucedía no pasado en certos lugares.



Outra tarefa dos hospitaleiros do pasado hoxe inexistente era a **concesión, con fondos da confraría, de esmolas e axudas para a peregrinación**. Vicente Almazán cita exemplos das confrarías dos países nórdicos e dos gremios -zapateiros, comerciantes, etc.- que tiñan a Santiago como patrón. En 1417 o colectivo de comerciantes de Randers, Xutlandia, dispón nos estatutos que “se deberá axudar con cartos aos que, entre outros lugares, vaian ao País de Santiago”.

### Información e difusión

Moi relacionado co apartado anterior está este outro servizo secular. **A información aos novos peregrinos das confrarías foi clave para sustentar a distante viaxe compostelá**, dadas as tremendas dificultades e perigos que supoñía. Tamén foi de valor a difusión a través de breves libros e publicacións a xeito de guía, calendarios e mesmo mediante os selos dos que as confrarías dispoñían -outra relación co presente- coa imaxe da cuncha de vieira e Santiago peregrino. A medio camiño entre o culto e a difusión estaban as representacións teatrais baseadas na vida de Santiago.

No presente este apartado segue sendo un dos máis característicos das asociacións. Moitos futuros peregrinos acoden a elas a recibir unha información sempre contrastada e de calidade. Tamén ten gran relevancia a difusión a través de folletos, webs, encontros de divulgación, actividades en centros educativos, concursos, premios, etc.

### Estudo e investigación

Apenas observamos exemplos neste apartado no pasado, e si moitos no presente. No pasado

a investigación con base científica era case inexistente. Hai que agardar á segunda metade do século XIX para ver as primeiras iniciativas neste campo, e nunca ligadas ás daquela xa case inexistentes confrarías, senón aos primeiros estudosos que se interesaron polo antigo fenómeno xacobeo desde países como Francia e Alemaña.

No presente, sen embargo, o traballo de estudo e investigación propiciado polas asociacións pode valorarse como transcendental. Varias das máis veteranas dispoñen dos seus propios centros de estudos xacobeos en países como Reino Unido, Italia, Francia, Alemaña, España, etc. Levan achegado investigacións fundamentais. Superan estas ás de calquera universidade, incluída, por increíble que pareza, a compostelá.

### Celebración de Santiago

Sen a solemnidade do pasado, as asociacións celebran en determinados casos a festividade de Santiago cada 25 de xullo. Fano con distintos actividades, mesmo nalgún caso con cerimonia relixiosa. Trátase case sempre de actos modestos, case íntimos.

No pasado o día de Santiago alcanzaba carácter de acontecemento social. Citamos de novo a poderosa confraría de París. **A súa festa incluía misa, procesión, representacións teatrais, e como acto final un gran banquete con música e baile**. Vázquez de Parga cita o banquete de 1388. Asímbrense: “Concorreron 809 convidados, que consumiron 5 bois, 18 porcos e 3000 ovos”. Outros anos o número de confrades asistentes superou o millar.

Unha conclusión. As semellanzas entre as antigas confrarías e as actuais asociacións non teñen tanta relevancia no plano estritamente histórico, como no existencial. Como dicíamos ao primeiro, amosan o sentido profundo do Camiño, en esencia alleo ás continxencias temporais, para definirse como un espazo de encontro ideal -idealizado nalgún caso- para o inmortal *homo viator*. Todo o que sexa ignorar esta relación será ignorarnos a nós mesmos.

**Manuel F. Rodríguez**



Actividade de difusión do Camiño da Asociación de Amigos do Camiño Mozárabe de Ourense

# Canónigos de Ourense peregrinos a Santiago entre 1762 y 1790

Parece que sólo consideramos los caminos de peregrinación a Santiago por Ourense como tránsito de gentes distantes, y sin embargo fueron muchos los ourensanos que se acercaron a ganar las gracias jubilares los años santos principalmente. **La vocación jacobea de nuestra ciudad también se asienta en este interés y en esta mirada hacia Santiago.** De la mayor parte de los peregrinos quizá hemos perdido memoria porque aunque todos trajeron su Compostela como certificado de haber cumplido promesa o devoción pienso que la mayor parte se perdieron, son excepción las que se conservan en el archivo de la catedral de Ourense (ACO caja 253/01) de una serie de canónigos que hicieron la peregrinación a Santiago y luego la Compostela les sirvió para justificar el privilegio que tenían de darlos como presentes en coro y por tanto cobrando sus emolumentos, **cuando hacían una peregrinación a Guadalupe en Extremadura para la que entonces se daba un mes** y también a Santiago, menos días lógicamente por estar más cerca.

Estoy seguro que rastreando las actas Capitulares se consignarían las solicitudes y los permisos para peregrinar, a modo de ejemplo la que en 1647 el 23 de julio presenta el racionero Vereá, que naturalmente por no existir "Compostela" en Guadalupe, traigan testimonio notarial acreditando su presencia en aquel santuario extremeño: *"Canónigo peregrino a Guadalupe. Presentose y leyose un testimonio firmado y signado de Juan Fernández Aguado escribano que dice ser de la Villa de Guadalupe, fecho en 13 de mayo de este año de 47, en cuya virtud el señor racionero Vereá pidió se le diese cuenta de un mes por haber ido en romería a Nuestra Señora de Guadalupe como del constaba y se le debe dar en conformidad de la constitución de esta Santa Iglesia"* (ACO ACTAS CAPITULARES TOMO 12)

## La Compostela

El documento acreditativo de la peregrinación, que se denomina 'Compostela', se imprimía en las imprentas de Santiago y ha cambiado lógicamente a lo largo de los siglos; en las fechas que abarca esta nota, 1763-1790 es un impreso de 21x16,5 cms con orla tipográfica, en la parte superior izquierda un grabado del apóstol sedente y luego en latín impreso el texto común a todas, va formada por el canónigo fabriquero

de la catedral de Santiago que cambia repetidas veces, por lo que son impresiones diferentes para cada uno. **Se escribe a mano el nombre del beneficiario y el título y procedencia, y se da por haber visitado el santo templo de Santiago,** habiéndose confesado y asistido a la eucaristía. Luego la fecha que también se asienta manualmente con la firma del canónigo simplemente rubricada a mano, el sello seco del cabildo y la palabra gratis porque el documento no tenía cargos de expedición y con esto se quería evitar posibles fraudes. Dentro de este esquema hay variantes que distinguiremos. Conforman desde luego una interesante y pequeña colección de estas certificaciones que hoy siguen los peregrinos recogiendo en la ciudad de Santiago y guardando con cariño aunque solo les sirva de satisfacción personal y no para recibir las pagas que les correspondían como si hubiesen estado presentes levantando sus cargas.

Van firmadas sucesivamente por los canónigos fabriqueros.

Joaquín Ignacio Pardo (3) 1762- 1763. Conformado el primer tipo de las conservadas **con el Apóstol sedente mirando a su derecha, queriendo evocar la imagen que preside el retablo mayor** y que abrazaban los peregrinos.





Antonio José Páramo y Somoza (12) igual a la anterior cambiando el nombre del fabricante y la tipografía de su firma por lo que hubo al menos dos reimpresiones pero de algún modo se encuadran dentro del tipo 1

Pero de este fabricante hay otras dos impresiones (17), porque igualmente su nombre se compone con distinto tipo de letra y con un grabado distinto, también el Apóstol sedente pero mirando a su izquierda, es la que catalogamos como tipo 2.



Del siguiente fabricante, Manuel Reguero y Feijoo, hay 3 con el grabado anterior y por tanto del tipo 2. Y otras 6 con el grabado similar al tipo 1, pero con una orla tipográfica el grabado distinto, como también son distintos la iglesia de la izquierda y el sillón, sería el tipo 3.

Estas podríamos clasificarlas como de estilo barroco.

Finalmente, una totalmente diferente de estilo neoclásico y **de una alta calidad técnica con el apóstol en un óvalo de pie como peregrino es la firmada por el fabricante Maximino García en 1790.** Sabemos los autores la dibujó "Río del" y abrió la plancha "Albuerno sc", que será el Manuel Albuerno y Guerrero (1764-1815) del que se conocen muchos grabados

en Madrid, entre ellos los de una edición del Quijote. El dibujante podría ser el pintor Juan Bernardo Río del que habla Pérez Costanti.



## Los canónigos

Me voy a limitar a dar la lista de estos canónigos y racioneros que fueron peregrinos, algunos repetidas veces como Don Mateo Ramos que hizo la peregrinación 10 veces, un verdadero entusiasta del camino; Don Juan Antonio Caviedes, 3 veces, Don Diego Fole, 3 veces, Don Juan Galindo 3 veces, Don José María Sánchez Bazán 3 veces, el racionero Don José González 2 veces, al igual que Don Francisco Baños.

Aunque hay canónigos peregrinos casi todos los años y aprovechando los meses de mejor clima, lógicamente fue más intensa los años jubilares cuando la fiesta de Santiago cae en domingo, así el año 1773 con 8 peregrinos y 1779 con 11.

1762 septiembre 19. Don Juan Antonio Caviedes, canónigo

1763 julio 17. Don Mateo Ramos, canónigo cardenal

1763 agosto 25. Don Alejo Claramunt y Navarro, canónigo cardenal

1772 agosto 7. Don Mateo Ramos, canónigo cardenal





1772 agosto 9. Don Juan Antonio Elgueta, canónigo dignidad

1772 agosto 19. Don Mateo Díaz de Rabago, canónigo magistral

1773 mayo 1º. Don Alvaro Rivadeneira, canónigo penitenciario

1773 mayo 1º. Don José González, racionero

1773 junio 30. Don Juan Caviedes, canónigo arcediano

1773 julio 9. Don Diego Fole de Navia, dignidad de arcediano

1773 julio 28. Don Juan Galindo, canónigo

1773 agosto 2. Don Mateo Ramos, canónigo cardenal

1773 agosto 25. Don Lorenzo Moscoso, canónigo

1773 octubre 9. Don Francisco de Baños, racionero

1775 agosto 2. Don Mateo Ramos, canónigo cardenal

1775 septiembre 24. Don Diego Fole y Navia, canónigo arcediano

1776 mayo 19. Don Diego Fole y Navia, canónigo arcediano

1776 septiembre 20. Don Joaquín García

Domínguez, canónigo doctoral

1779 julio 3. Don Jacobo de Mercado y Monroy, canónigo

1779 Julio 26. Don José González Lobato, racionero

1779 julio 25. Don José Manuel González, racionero

1779 julio 25. Don Lucas Reguera, racionero

1779 julio 26. Don Francisco Baños, racionero

1779 julio 27. Don Francisco Antonio de Solís, canónigo

1779 julio 29. Don Juan Galindo, canónigo

1779 agosto. Don Mateo Ramos, canónigo cardenal

1779 agosto 5. Licenciado Don Álvaro María Ribadeneira, canónigo penitenciario

1779 septiembre 30. Don Joaquín García, canónigo doctoral

1779 octubre 5. Don José María Zayas Bazán, canónigo magistral

1781 noviembre 13. Don Pedro Jiménez, canónigo cardenal

1782 agosto 2. Don Mateo Ramos, canónigo cardenal

1782 octubre 12. Don Juan Galindo, canónigo

1783 agosto 1. Don Mateo Ramos, canónigo cardenal

1783 diciembre 25. Don José Bazán, canónigo

1783 octubre 16. Don Álvaro María Rivadeneira, canónigo penitenciario

1785 julio 23. Don Diego de Montoya, racionero

1785 octubre 1. Don José María Sánchez Bazán, canónigo magistral

1786 julio 25. Don José María Sánchez Bazán, canónigo magistral

1786 julio 24. Don Mateo Ramos, canónigo cardenal

1787 julio 28. Don Mateo Ramos Solís, canónigo cardenal

1788 septiembre 18. Don José Sánchez Bazán, canónigo magistral

1790 junio 22. Don José Quiroga, maestro de capilla

**Miguel Angel González García**

**Canónigo archivero. Ourense**



## O Milagre da Ponte Ulla

Como apuntabamos no número anterior, Pedro de Valdés Feijoo y Novoa, coengo lectoral provinciano xeral de Santiago, mandou construír en 1670 a Fonte do Santiaguíño e en 1676 a capela, segundo reflicte a escritura de doazón que fixo en Santiago o 28 de xaneiro de 1680: 'he hecho, edificado y fundado una capilla y fuente en el camino real que va de esta ciudad a la villa de la puente de la Ulla, en la falda del monte de la torre y fortaleza de Picosagro...'

Hoxe en día a Vía da Prata discorre entre estas dúas fermosas construcións que foron trasladadas desde a súa situación orixinal, varias décadas despois, ata o lugar onde se atopan. Hai quen apunta que un dos motivos que impulsaron a Pedro de Valdés a levantar a capela, ademais de conservar a tradición xacobeá, foi o de lembrar o Milagre da Ponte Ulla.

**O protagonista deste milagre é Francisco Patiño nado na vila de Monteagudo**, no Bispado de Cuenca, cara ao ano 1590, fillo de Paulo da Huerta e Ana López, veciños do devandito lugar. Terceiro de cinco irmáns, dous deles mortos de pouca idade, el mesmo orfo sobre os doce, abandona o seu pobo natal para buscar fortuna. Instálase en San Clemente da Mancha, non moi distante do seu lugar de nacemento. **Un tempo despois embarca nun dos navíos que fan a travesía para Italia**. Nunha das viaxes, os turcos abordan a súa nave e lévano prisioneiro con outros douscentos cincuenta soldados e mariñeiros, primeiro a Alxer e, de alí, a Constantinopla. Cinco longos anos de cativerio espéranlle xunto ao Bósforo.


Véndose en tan triste estado, fai voto ao señor Santiago de visitar o seu santo corpo na cidade de Santiago se o Señor lle concedía a liberdade do cativerio. Galeote nas galeras do turco, unha treboada obrígalles a achegarse ás costas de Malta para gorecer as naves. **Alí atópanse con galeóns cristiáns que, arremetendo contra eles, presentan batalla**. O suceso, favorable á armada cristiá, fai posible a liberdade de Patiño. Os prisioneiros liberados marchan a Sicilia. Reside alí dous meses e logo ingresa de soldado na guarnición do forte de Correza, ducado de Módena. Isto permítelle comprar unha pequena casa en Villagaide, a tres leguas da cidade de Parma. **Cara a 1620 casa con María Franchis**. Conta Patiño trinta anos ben

selectos. Ten como oficio ser 'soldado da súa Maxestade' e susténtase do soldo que se lle dá e de labrar algunhas terras. Algo se axuda ensinando a algúns nenos a ler e as oracións, pois aínda que non moito, sabe ler e escribir o romance español, o latín de imprenta e a lingua italiana. Do matrimonio teñen dous fillos, Francisco e Catalina.

Aos tres anos de casados, **na noite do 24 de xullo de 1623, estando profundamente durmidos, prende lume na casa**. Co gran ruído do incendio e das voces que daban as xentes que acudiron a apagalo, espertan. Saltan da cama, en camisa e descalzos, e querendo valerse non puideron porque se atopaban rodeados polo lume. A muller daba grandes voces a Deus pedindo misericordia. Patiño facía o mesmo e véndose en angustioso transo dixo: 'Bendito apóstolo Santiago, valédeme que prometo ir en romaría a visitar o voso santo corpo a Santiago se me librades de tanto perigo'. E, dicindo isto, aparecéuselles o Bendito Santo no medio do lume, en figura e traxe de peregrino, vestido cunha vestidura longa ata media perna e encima dos ombreiros unha esclavina, ambas as de cor pardo. A figura do rostro era de home vello e boa cara, á cabeza un chapeu con cuncha, na man un bordón de peregrino. Ao momento desapareceu e nese momento apagouse o lume, logo derrubouse a casa. Aínda que a casa caeu sobre eles, non lles fixo ningún mal **nin lles tocou o lume e conseguiron saír de entre os escombros axudados polos veciños**. Era unha media hora antes de que amencese o día do Señor Santiago. Un labrador, Juan Parracin e a súa muller, Benedicta, danlles roupa.



Camiño Mozárabe ao seu paso por Vedra



Capela e fonte do Santiaguíño no camiño Mozárabe, Outeiro, Vedra

Obra de A. López Ferreiro que recolle o milagre

Xa de día claro e acompañados da xente que acudira ao seu auxilio, diríxense á próxima igrexa de San Antonio na que se celebra a festa de Santiago. Na igrexa estaba pintada a imaxe do apóstolo en figura de peregrino. En canto Patiño a viu non puido conterse e dixo a voces: 'Este é o Santo que se me apareceu no lume da miña casa'. E xa non falou outra cousa na igrexa. Terminada a misa, un cabaleiro, o conde de San Pol, recolleunos na súa casa. Estando nela, acordáronse dos nenos. Algunhas persoas foron a buscalos e acháronos mortos pero nin sequera tocados polo lume. **Aínda que se queimou toda a roupa e a cama onde os deitaron, estaban intactos, coas camisas que vestían.** Cando se correu a voz do milagre, o duque de Módena fixo que llos levasen aquel mesmo día na súa presenza, tal como estaban. O cabaleiro conde de San Pol proponlle a Patiño o troque da casa onde os recolleu pola casa queimada, pois é o seu desexo levantar nela unha igrexa ao Señor Santiago, por devoción. O Prior do bispo de Parma e o Inquisidor xeral do distrito levantaron atestado do sucedido. Pertrechados cos testemuños do Prior e do Inquisidor e coas abundantes esmolos do Duque de Módena e doutros señores, aos quince días comezan ambos os esposos a peregrinación, longa e arriscada, ata Compostela.

Preto da cidade de Arles, uns ladróns asáltanos. Róubanos desposuíndolles de todo canto levaban e non máis lles deixan que a camisa e os papeis. Pronto lles socorre un capitán español con vestidos e diñeiro. Polo camiño da costa pasan a España. Atravesan Barcelona e Tarragona. Nos últimos días do mes de decembro chegan ao Monteagudo natal das terras de Cuenca. Patiño dáse a coñecer aos seus parentes, que son moitos. A cantos a el se chegan cóntalles os seus extraordinarios sucesos. Quédanse todo o inverno en Monteagudo, especialmente duro 'polo rigor tan grave das neves'. Mediado marzo, acompañados por Sebastián da Huerta, mozo de 25 anos, primo de Patiño, comezan o camiño a Compostela. Do itinerario cóntanos que pediron esmola e albergue en Astorga e despois en Molinaseca. Na mañá do 22 de abril divisan as torres de Santiago. Ao mediodía chegan á catedral. Confesan esa mesma tarde. O primo Sebastián farao ao día seguinte no Colexio da Compañía de Xesús. **O 23 pola mañá comulgan na capela do Rei de Francia e abrazan a imaxe do Apóstolo.** Sobre a unha da tarde dese mesmo día, dan volta para a súa terra. A ninguén mostran os seus testemuños. A ninguén din canto lles ocorreu. Camiñaron como tres leguas aquela tarde, ata chegar a Ponte Ulla onde dormen.



Antes de que saíse o sol, pero xa claro día, viron que á entrada da ponte, á man dereita, había unha capeliña coas imaxes do Señor Santiago e da nosa Señora. Ante elas axeónllanse para rezar. Cando tenta levantarse Patiño notou que tiña como trabadas as pernas. Quixo andar e non puido. Fixo un segundo e terceiro tento pero resultou inútil. Parecíalle que da imaxe do Apóstolo saía un gran resplandor que lle impedía o camiño de tal maneira que non se podía ter nos pés, nin camiñar, ata que caeu desmaiado. María, a súa muller, tampouco podía terse nos pés, nin camiñar e tamén se desmaiaba. Púñaselles diante dos ollos unha claridade como lume que lles quitaba a vista dos ollos. Sebastián, que nada sentía, tentaba axudar a ambos. Volvendo un pouco en si e recobrado o coñecemento, Patiño dixo: 'Volvamos a Santiago'. **Sentía remordemento de non ter manifestado nada do que lle ocorrera en Villaguide.** O camiño de volta percórrensen sen desmaio nin impedimento nos pés. É que a pesar de estar obrigado conforme ao seu voto a manifestar o milagre, non o fixo por imaxinar que estando pobre, como estaba, non podía presentar unha ofrenda proporcionada co beneficio que recibira. Con presteza acoden ao Colexio da Compañía de Xesús. Atopado o confesor, Patiño bótase aos seus pés, contando o sucedido e pedindo consello sobre o que ha de facer. O Pai aconsella ir buscar ao señor Deán de Santiago para que lle manifesten o milagre. Non atopan ao Deán. Encamiñanse á igrexa maior preguntando polo Penal, señor Sánchez. Atópano e a el narran canto sucedeu. Iníciense con rapidez as dilixencias. Preséntanse os documentos do Bispo de Parma e do Inquisidor da cidade de Rexio ao Cabido da catedral



Capela da Catedral de Santiago, na que comulga Patiño

compostelá. Este por medio dun escrito asinado polo Doutoral, Dr. Cangas, e o Procurador, Lic. López Mella, pediu ao gobernador eclesiástico e Provisor, Dr. Narváez, que se abrise unha investigación e sometésese a Patiño e aos seus compañeiros a minucioso interrogatorio. Así o fixo o Provisor por auto ditado en 26 de abril, nomeando Xuíz especial ao Lic. D. Juan Bautista de Herrera, Deán de Tui, Prior e Cóengo de Santiago. Completada a información o día 2 de maio, o Provisor interpuxo o seu decreto mandando que se entregase ao cabido para que a puxese no arquivo e en todo tempo houbera memoria destes sucesos.

Estes feitos foron recollidos por D. Antonio López Ferreiro na súa obra *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*.

**Manuel Costa**

**Concelleiro de Cultura de Vedra**



A ponte Ulla, onde Patiño fai parada e se axeonlla a rezar



Imaxe de Santiago que se venera na capela de Outeiro Vedra



## El Camino Mozárabe (IX)

Ahora, acompañados de los peregrinos que vienen de Verín y Monterrey por la derecha del Río Támega, salimos de la noble e ilustre villa de *Laza* sin dejar el mismo río, llegando aguas arriba hasta donde se forma; primero a *Soutelo Verde*. Tierra de viejos, frondosos castaños, su nombre es fiel trasunto de la umbrosa realidad por la que caminamos. Entrando por el pueblo y apenas cruzado el pequeño río que llega por la izquierda, en torrente desde las *Mercedes*, vemos a la derecha un *peto de ánimas* con la leyenda y ruego:

VIAJERO QUE VAS CAMINANDO

ACUÉRDATE DE LAS ÁNIMAS QUE ESTÁN  
PENANDO

De salida dejamos a la izquierda el arcaico *rueiro*, de seguro el más típico de todo el camino; una reliquia habitacional primitiva de Soutelo Verde. Pista cómoda, **dejamos a**

**derecha *Castro de Laza*, la parroquia a que pertenecen los pueblos del Támega inicial**; la iglesia conserva uno de los mejores retablos de la diócesis, y con muy buenas tallas.

Llegamos a *Tamicelas*, hidrónimo diminutivo plural de Támega, indicando bien a las claras que son aquí los dos o tres regatos que forman el río, todos tres de alta montaña y de impetuosa *fervenza* precipitándose por los derrames de la Sierra de San Mamede. A su paso por el Val de Verín, ya del todo amansado su joven ímpetu, dio nombre a *Tamagos* y *Tamaguelos*, como los romanos *Tamagani* a sus habitantes. Tras 145 kms de recorrido se une al río Duero por su derecha en Eja, Penafiel (Portugal). Con el *Río Diabredo* que pasamos en O Pereiro, y su tributario el *Río Mente* -al entrar en Portugal *Río Rabaçal*) son los únicos de Galicia afluentes del Duero.







Ya saliendo de Tamicelas arremetemos con la larga subida que nos va a llevar hasta Alberguería. Cuando primero la anduvimos para explorar el camino olvidado, todo era un ingente matorral de tojo con tronco como brazos y de urces de dos o tres metros contando con el tronco enterrado, grueso como el cuerpo de un hombre; hemos guardado la muestra. Las máquinas han dejado expedito el centenario sendero. Ahora se puede subir.

**Alberguería es un lugar fundado precisamente para servicio de los peregrinos y viandantes** en general, en suave vaguada al pie del Monte Talariño. En los más antiguos documentos, ya del siglo VI, se le da el nombre de *Montem Miserum*, como quien dice 'desdichado', por estar expuesto a todos los vientos y la soledad expuesta a los asaltantes en acecho de los viandantes.

No era más que un atajo, porque el camino verdadero, antigua vía secundaria romana que venía de Chaves por Laza a unirse a la Via XVIII en *Aquis Salientibus* (Baños de Molgas), subía río Támega arriba para pasar por Portela de Prado, y bajar ya siempre a la vera del Río Arnoya hasta la unión con aquella. En el tramo de Prado a Maus (unos 6 kms) se citan en los documentos de Celanova (s.X) nada menos que cinco *Paratas* (*parata Desterici*, *villa Parata*, *parata Flaczini*, *parata de Tamanes*, *parata*

*Sancti Petri* = de Maus).

Ya vimos en otro artículo cómo doña Urraca, acompañada de su hijo Alfonso VII, en la gira (por 1122) que hacen a la frontera que reivindicaba e invadía su hermanastra Teresa, fundan un *hospital* (alberguería) junto al monasterio de *S.M. de Castinaria* sobre el Lago de Sanabria; sin duda es también cuando instalan a los *Templarios* en el Camino, en Sanabria y la Mezquita de Frieiras.

Poco después o quizás en la misma gira es cuando fundan un *hospitaalem in Monte Misero*. La escritura existente es del año 1174; por ella el rey Alfonso VII se lo dona al obispo de Ourense.

Con el nombre de *Alberguería* creció, tanto que a mediados del siglo XIX (Madoz) eran 85 los vecinos con 385 almas, bastante mayor que A Gudiña. **Tenía muchos telares y una importante tenería** (de la que quedan grandes ruinas), que enviaba sus cueros a Extremadura y Andalucía. Había entonces un nutrido y continuo tránsito de viandantes por el camino, por la *Vrea*, por medio y medio del floreciente pueblo. Todavía quedan restos de lo que fue albergue de peregrinos. A la salida del pueblo se señala un gran prado donde hacía alto la manada de toros, de paso para la plaza de Pontevedra.





La iglesia, hoy algo retirada del lugar, debe de ser ya de origen románico, pues la gran pila bautismal lo es, además de conservarse grabada en su ventanal la cruz de los *Caballeros de San Juan*, señal de que aquí estuvieron, ya a raíz de la fundación, para proteger a los peregrinos. Sería también cuando se instalaron en *Hospital de Osoño* en la deriva de Vilardebós, donde siguieron por largos años. En Alberguería no tardaron en ser sustituidos por los *Caballeros de la Orden de Santiago* del cercano S<sup>a</sup> M<sup>a</sup> de Codesedo.

**En el altar vemos la talla del apóstol Santiago y de San Miguel.** En sus paredes aparece el escudo de armas del *Conde de Monterrey*, señor de esta tierra; en el centro del pueblo el *rollo jurisdiccional*, acaso el único que se conserva en Galicia; en la toponimia cercana son indicativos los nombres de *Outeiriño do*

*Conde, Corga da Forca y A Picota.*

Todo es historia, porque Alberguería, como cientos de lugares desde mediados del siglo pasado, primero desangrados por la emigración, pronto entraron en la general, contagiosa espiral de la baja natalidad; son de recordar sus abuelos, aquellos de las estrecheces de los años 1930 que ya pocos recordamos, pero felices. Que no sirve en absoluto de consuelo el constatar que en todas partes está pasando lo mismo; peor que peor. Mal de muchos, consuelo de tontos.

Basta con atravesar por todos y cada uno de los pueblos a lo largo del Camino de Santiago; también por este de la un día viva, activa e ilusionada *Alberguería*.

A poco de salir del lugar de Alberguería nos tropezamos con la carretera que baja a Paradiña; en la esquina de la derecha, formada con la carretera que viene de Laza, aún de los mayores oí en los años 1970 que se llamaba *O Feirón*, indicativo cierto de la feria que aquí se hacía en otro tiempo, probablemente hasta el siglo XIX, pareja a la que atrás vimos de *A Mourisca* saliendo de Porto Camba, sirviendo ambas a todos los pueblos en torno, lejos de los

centros feriales de rutina. También recogimos de viva voz la noticia de que los restos de la *venda* que allí había, los bajaron a Paradiña para hacer una casa.

Siguiendo nuestro camino llegamos al **punto desde el que se domina a distancia el Val do Medo, con el Santuario de N<sup>a</sup> S<sup>a</sup> de los Milagros**, marcado con alta cruz recuerdo de los segadores que aquí, marchando a la lejana Castilla, se despedían de la Virgen al tiempo que arrojaban una piedra en la montonera, deshecha al hacer la pista del Talariño. Me lo contó como lo vio y se lo dijo el mayoral: "*Neno, bota eiquí un coio e despídete da Virxe, que volvamos con ben*" (H<sup>o</sup> Manuel Pato Romero, yendo de 14 años a las siegas en Torrejón de Ardoz, en 1924). Es el *Milladoiro do Talariño*.





Bajamos por el antiguo camino entre la espesura; poco antes de atravesar la carretera que arriba hemos dejado, pasamos un espeso tojal, en tiempos de más vida terreno de intenso cultivo; se llama *A Venda*. Otra venta como la del Talariño, como las de la Serra Seca y A Gudiña, de las que casi todas se están extinguiendo.

Al atravesar la carretera, dejamos pegando a la izquierda el lugar de *O Veredo* que recibió su nombre de nuestro camino, de la *Vrea* o *Verea* que llevamos andando, nombre común que le da el pueblo constantemente desde los llanos de Sanabria. Este lugar de *O Veredo*, deshabitado desde 1980, ha sido ocupado, y parece ser que comprado, por los *hippies* o *jipes*.

Me costó bastante trabajo y tiempo por 1990 identificar el paso del camino por esta parte, bajando a Vilar de Barrio; en principio creí que seguía a Borrán, cuya iglesia está presidida por Santiago Peregrino.

Sabemos del origen de Borrán por documentos de Celanova (s. IX), que es nombre de un antiguo poseedor. Dice la escritura, año 937: *Ego Burrane una cum heredibus meis nominibus Senta, Elperico, Sisverto et Sendino vobis domno Guttier et Ilduare... ut faceremus vobis testum scripture donationis... de nostra portionem quem habemus in villa Parata iuxta rivulo Arnogie subtus monte Toro et subtus monte Mesero... per suos antiquiores terminos cum omne sua prestantia vel utensilia sua... et octo colmenas cum apibus suis...* Que traducimos:

"Yo Borrano, a una con mis herederos de nombre Senta, Elperico, Sisverto y Sendino, a vos don

Gutierre e Ilduara (*padres de San Rosendo*) os hacemos testamento de escritura de donación de la parcela que tenemos en la aldea de Parada (*Parada dos Folós*, deshabitada desde 1930) junto al río Arnoya, al pie del Monte Toro (luego *Serra de San Mamede*) y al pie del Monte Mísero (*Monte Talariño*), por sus lindes primitivas, con todos sus derechos de servidumbre y medios que lo amparan, y además ocho colmenas con sus abejas".

Baja el camino faldeando el monte, siempre a la vista del gran llano de A Limia, antigua Laguna de Antela (que fue la más extensa de la Península) para llegar a Vilar de Barrio. A la izquierda de esta bajada, a pie de monte e iniciando la gran *chaira*, está *Santa María de Codesedo*. Aquí, para proteger a los peregrinos desde Alberguería y hasta enlazar con los *Canónigos Regulares de San Agustín* de Xunqueira de Ambía, **asentaron los Caballeros de Santiago, los que edificaron la gran iglesia románica, de gran alzada**, a la que en el siglo XVI añadieron la gran torre cuadrangular; se yergue en el barrio de *O Mosteiro*. En una casa queda el escudo de armas del coto de término.

El lugar debió de ser importante ya de antiguo; sobre él están *Os Castros*, extenso castro en cuadro de 144 por 144 metros, cuya trinchera es hasta de 9 metros de alta en algún punto (*A Quelle*), parte por la que parece levantarse contra atacantes de la montaña. En superficie vense restos de cerámica prerromana y romana, sobre todo tégula, y alguna pequeña muela manual. Cerca del templo en las ruinas de una vieja construcción se encontró una interesante lápida votiva, de la que da cuenta Barros Sibelo en el siglo XIX, cuando recorre la cercana *Via XVIII* de Braga a Astorga (A Limia, 239-240). Hela aquí:

(CLO)CIVS

C(LUTI) F(ILIVS) BA-

NDVE AE-

TOBRICO

V(OTVM) L(IBENS) A(NIMO) S(OLVIT)

(Clocio, hijo de Cluto, cumple promesa gustoso al dios Bandua de Aeto)

**Eligio Rivas Quintas**

## *Difusión da cultura polo Camiño Mozárabe*

O título do apartado é demasiado amplo coma para poder aquí abranguelo, e nin sequera o imos intentar. Si destacaremos algunha contribución propia que aquí ten os seus comezos.

A difusión e **transvase de valores polos camiños de Santiago é unha realidade comprobábel**. Coma exemplo abonda co sucedido a principios do século XVI, cando a peste bubónica europea, que a Compostela chega, vulgarmente dita das *farxácolas* (Pérez Constanti), axiña se manifesta tamén no Camiño Mozárabe (polo 1515) e a piques estiveron de levar por diante a tan sonado coma descoñecido colonizador de América como foi o *Beato Sebastián de Aparicio e Prado*.

Sabido é como polo Camiño Francés inza e se espalla a cultura europea, de que participa e se difunde tamén polo Camiño Mozárabe. Ó longo del hai resíos de romances e cantares do ciclo carolinxio e bretón. Na zona de Sanabria, As Frieiras e a Serra Seca resoaban aínda romances coma *Calomano ou Os doce pares de Francia; Bertoldo, Bertoldino e Cacaseno, a Historia de Roldán e Fierabrás, a Pasión de Cristo, Rosaura del Guante, O Conde Flores e Blancaflor ...*

A cántiga provenzal chega ó Noroeste polo Camiño Francés, pero tamén alá chega saíndo

do Camiño Mozárabe a cántiga galaico-portuguesa que chega deica Toledo, afectando de rexeitamento á provenzal e ás mesmas *jarchas musulmanas*.

En Alconétar, Cáceres, onde están os Templarios, resoa o romance de *O Palmero*, coa presenza dos *Doce Pares de Francia* ó mando de *Fierabrás*, enviados polo imperante *Carlomagno* en axuda dos cristiáns que loitaban a brazo partido contra a mouramia.

### a) *Mitos*

Tamén o **Camiño Mozárabe fai algunha contribución importante ó Camiño Francés**, xa que nel se orixina e del se espalla un dos mitos máis importantes da Europa occidental: o mito das *ciudades asolagadas*, a través do Lago de Sanabria.

As súas orixes están no centro da provincia de Ourense, na *Lagoa de Antela* ou *Lago Beón* (ant. *Bedione*), onde a realidade se ve esmorecer, pasando gradualmente a lenda e mito. Cruzada polo Camiño Mozárabe, onde a calzada, elevada, leva aínda o nome de *Vrea de Santiago*, por aquí atravesaba tamén a Via XVIII de Braga a Astorga, testemuñada por bo número de pedras miliarias.





No *Lago Beón* da Limia, hoxe desecado e colonizado, existiron tres *poboados palafíticos*, dos que soamente chegamos a coñecer os *cortellos* en tres grupos de 50, ben visíbeis cando a estiaxe resumía a auga no verán. **Os *cortellos* eran especie de aneis, valadiños de terra que erguían coma 0,70 do nivel xeral**, de 11 metros de diámetro cunha pequena entrada e prominencia central da mesma altura. Eran os alicerces onde atugar os pontóns en que tecer as corras. Un cálculo aproximado do aforo dos 152 *cortellos*, danos capacidade para máis de 5.000 moradores, ocupándoos ó xeito das pallozas dos castros.

O único que resta é a fotografía aérea que se fixo antes da colonización, onde é posíbel ollar os *cortellos* e en torno os primeiros cultivos cando xa comezaba a seca que os fixo por fin choutar a terra. As grandes culleres mecánicas arrasaron todo. Apareceron puntas de frecha e algún raspador, con 40 trabes carbonizadas que se levaron a Xinzo, e coido que tamén desapareceron. Deica a década do 1960 foi a lagoa máis grande de España; hoxe todo é unha chaira parcelada.

Casqueira xa a auga, e dando principio a agricultura, saltaron a terra fundando pobos tan antigos coma *Zadagós*, *A Labandeira*, *A Corga*,

onde aínda lembramos algunha casa de terrón. **Co tempo foise perdendo a relación co antigo *habitat*, e a memoria da realidade.** É cando se vai impondo o *mito*, que a etioloxía humana inventa cando non sabe dar razón da realidade, e que sabemos dende nenos os que arredor somos nados. “Eran as cidades de Antiocha e Antioquía; veu o Apóstolo predicando en nome do Señor, e ninguén quixo acibir ó que anunciaba o Evanxeo. De mañá cedo saíu coa mulleriña que o acollera no seu pobre conchouzo, e a pouco todo estaba cuberto de auga, asolagado; non se vían xa pallozas. Oía eu pequeno que aínda na estiaxe se podía ver o galiño da torre nas augas, que ven ó son das campás en noites de inverno, mesturado co croar das ras ... E un día de verán, con nove anos e miña irmá de sete, tanguemos o gando sen deixalo pacer deica o Pozo Grande no Río Vello, onde pensamos que se vía a punta da espadana... E non vimos ren...” Podo asegurar que así foi o desengano. ¡Pero algo sempre aí ó fondo dos mitos!

O Camiño de Santiago de Vilar de Perdizes e Montalegre atravesa de sur a norte por Xinzo cara Allariz o mesmo lago; de Este a Oeste pasa, en tramo de 3 kms o Camiño Mozárabe, cruzando no medio a *Via XVIII* de Braga a Astorga.







**O mito corre en boca dos peregrinos -de ida e volta- e pasa as Portelas**, ancorando no Lago propicio de Sanabria, antigo lago glacial sobre o que está o mosteiro de S.M. de Castañeda, nomeado aínda en 1755 *San Martín de Castañeira* polo peregrino sevillano D. A. de Gálvez. Aquí xaz no profundo *Lucerna de Valverde*, *Lucerna in Valle Viride*, da que xa o Pseudo Turpín se fai eco. No profundo das augas, por non acoller a un peregrino que era Cristo desfigurado.

Miguel de Unamuno recrea o mito en *San Manuel Bueno Mártir*; aínda pola noite arriba se oen badaladas perdidas dos sinos asolagados, marteleando na conciencia obsesiva de San Manuel:

¡Ay , Valverde de Lucerna,  
 hez del Lago de Sanabria!  
 No hay leyenda que dé cabria  
 de sacarte a luz moderna.  
 Se queja en vano tu bronce  
 en la noche de San Juan ...

E por que “de Lucerna” a tan longa andaina

peregrina nos montes de Suíza, xa na primeira metade do século XII? Alá chegou, de volta os peregrinos, onde tamén hai lagos glaciares de antigos palafitos. Moitos peregrinos partían de Einsiedeln, onde o mosteiro bieito (937) con Nosa Señora a patroa de Suíza; dalí a Lucerna, con lagos nos seus montes. Os peregrinos, de volta, non deixarían de recomenda-lo albergue de *S.M. de Castanaria* sobre o Lago, e contar a lenda da cidade asolagada.

O mito corre e se espalla polo Camiño Mozárabe, e pasa ó Camiño Francés chegando deica Suíza. Tamén acá se espalla, que se atopa no Bierzo, onde o rexistra M. Díaz y Díaz (*De Santiago y de los Caminos*, 265), en Lamas de Guá ó norte de Lugo; nas marismas de Artes cerca de Corrubedo, A Coruña; nas de Dimo preto de Catoira, e no Lago de Maside, Ourense, etc.

Non é o único mito orixinado na Limia, que tamén é nativo o do *Río Lethes* ou do *Esquecemento*, etioloxía grega pola homonimia co antigo nome do Río Limia, *Lézeson*, tan ben explotado polos indíxenas coma tabú contra os *tartesios* que semella se vezaran dos ricos metais nativos. *Décimo Xuño Bruto*, *Gallaicus apellatus*, foi quen deu conta do tabú. Sen dúbida que nos chegou de Grecia e moito antes da nosa Era.



## O Pico Sagro

É outro mito de clara raigaña no Camiño Mozárabe, e moi preto da cidade de Compostela. **Entre o Río Ulla e a cidade do Apóstolo, érguese enfesto e agudo o picouto de monte chamado Pico Sagro ou Pico Sacro.** Os peregrinos recórren polo caeira oeste a un terzo de altura, pasando á beira da ermida de *Santiaguíño* e da Fonte monumental, que en letra e figura de baixo relevo amosa a lenda da *Raiña Lupa*, cos discípulos do Apóstolo levando o corpo de Santiago en carro turrado por dous bizarros e vizosos touros, por entre feras e castelos na reboreda...

O mito é xa precristián, mais non tan antigo, e coido que, coma o do *Lethes*, xurdido dun tabú autodefensivo.

O historiador Xustino (séc. II) dille *Mons Sacer* vel *Illicinus*, e así se repite nos documentos, aínda que soamente o primeiro fica. Conta Xustino que **tal monte atoba minas de ouro, mais que non é dado sacalo a flor de terra** se non é nunha treboada ó raio fulgurante que o poña ó descuberto. Coma no caso do *Lethes*, río do Esquecemento da Limia, ten tódolos visos de se tratar dun tabú indíxena, autodefensa contra o furto e cacheo de metais que no Noroeste se sufrían por parte dos *Tartesios*. No alto do monte si que quedan restos de antigas minas.

O mito ten certa difusión, inzando a partir de aquí polo Camiño Mozárabe. É mesmo fronte á Lagoa de Antela no punto da *Vrea de Santiago*, onde, 4 kms cara o norte, sobre o lugar de Xocín, nos atopamos con outro *Pico Sagro*. Quizás se teña perdido ou esquecido toda consella acerca del, pero, por máis que indagamos non puidemos saber de ningún particular senón só do nome.

Seguimos o camiño de volta, cara o leste. Ó chegarmos ó Monte Talariño e Alberguería imos vendo pola esquerda, a non moita distancia, a *Serra de San Mamede*, coroada (a 1620 m. de altura) pola ermida románica e prerrománica do Santo anacoreta, outrora pertencente ó mosteiro cisterciense de S<sup>a</sup> M<sup>a</sup> de Monterramo. A crenza popular (S<sup>a</sup> Emilia, de 95 anos nos anos de 1960) supón ó santo ante a súa ermida, outeando horizontes lonxanos, e exclamando en perpetuo monólogo:

¡Pico Sagro, Pico Sagro!

Se non fora o Pico Sagro,  
vía ó meu irmáu Santiago.


A señora Emilia non sabía onde estaba Santiago nin nunca alá fora, pero efectivamente, entre o San Mamede e a Catedral de Santiago a 100 kms ou máis en liña recta, o único que lle fai 'sombra', que se interpón, é o *Pico Sagro* a 15 kms polo nacente de Compostela.

É de notar que por diante da ermida de San Mamede na Serra, pasaba denantes **o camiño real da Ribeira Sacra, xebrando do mesmo ou Camiño Mozárabe na Mourisca**, á saída de Porto Camba (Mapa Fontán, 1845).

Seguimos a desandar camiño, e chegamos pola Serra Seca á Gudiña. Debaixo da vila hai un gran petouco sobre a enorme cárcava, que está encantado e coas acostumadas consellas de mouros e tesouros. Tamén lle chaman *Pico Sagro*, e ademais, a nivel do río hai unha boca mina antiga, quizás de tempos romanos.

Despois veñen as Portelas da Canda e do Padornelo... Non sabemos se aínda inzou máis.

**Eligio Rivas, C.M, Dic. 2012**



## *Santiago peregrino e Santa Sabina de Troyes*

A peregrinación a Santiago durante o século XV gozou do impulso que propiciou a celebración periódica dos anos santos composteláns -máis frecuentes que os romanos- e a participación de novos peregrinos que acudiron en períodos xubilares ou en anos ordinarios, como foron os cabaleiros europeos entregados a viaxes nas que combinaban a participación en torneos e loitas contra o sultanato granadino, coa devoción ao apóstolo e a peregrinación xacobeá. Esta etapa final da Idade Media foi un tempo de recuperación demográfica, económica e cultural, unha nova esperanza que deixou atrás as tebras da centuria anterior, ategida de medos por mor dos períodos de guerra, a cruenta pegada da peste negra e a crise de pensamento que coincidiu, tanto para a Igrexa como para a xeneralidade da sociedade europea, co período de Aviñón e o Cisma de occidente.

A razón máis pura para peregrinar ao santuario xacobeo seguía sendo a devoción piadosa ao apóstolo: a viaxe pietatis causa, que xa fora tempo atrás xerme da peregrinación dos santos, os monxes, os bispos e das xentes piadosas. Tamén dábase a peregrinación para satisfacer un voto, ao ter solicitado a **intercesión de Santiago nun momento de enfermidade ou grave perigo físico**, para o propio peregrino ou para un familiar próximo; e tamén podía ser que, a priori, o romeiro quixera pedirlle un determinado favor a Santiago, polo que viaxaba á súa tumba exercendo a práctica da peregrinación como vía de purificación antes de pedirlle a Deus e a Santiago ese favor espiritual especial. A función social da peregrinación xacobeá tamén vaise nutrir neste tempo doutras formas, como a expiación dunha culpa, que obriga ao penitente a un desterro temporal voluntario, unha peregrinación ascética que libera á sociedade dos individuos que a deshonran e molestan. Deste xeito, afrontar a peregrinación como penitencia para lavar un grave pecado foi unha das causas máis xeneralizadas en períodos xubilares, nos que se acudía a Santiago na procura da *Gran Perdoanza*.

Durante o século XV a imaxe plenomedieval do apóstolo que ensina o camiño -a iconografía de Santiago peregrino- continuou poboando portadas de templos, vitrais, retablos de altar,


tanto de escultura como de pintura, e tendas de acibecheiros composteláns á procura de compradores, sendo ben popular no final da Idade Media e perdurando en Europa occidental nos séculos seguintes e pasando ao Novo Mundo. **Esta concepción iconográfica nace no século XII** -non hai testemuños coñecidos máis antigos- cando se desenvolve un emotivo proceso de identificación entre Santiago o Maior e os peregrinos que acoden ao seu santuario en Compostela. Certo que nas tradicións medievais hispanas e doutros territorios europeos, o noso Zebedeo é o apóstolo camiñante que evanxelize o confín occidental do mundo coñecido, pero vai ser co éxito da peregrinación compostelá, no século XII, cando a súa imaxe se popularice como peregrino xacobeo, acompañando aos seus devotos como un romeiro máis. Ambas ideas -o concepto pastoral de evanxelizador e a identificación cos seus peregrinos- vanse sintetizar e reforzar nun tipo iconográfico orixinal e impactante, que transcenderá os tópicos da representación da imaxe apostólica cos instrumentos do martirio do santo -a Santiago tíñalle que corresponder a espada-, dos que tampouco participa san Pedro. O primeiro papa representase coas chaves do Reino dos Ceos, simbolizando o seu poder de atar e desatar na terra e de abrir as portas da patria celestial; de xeito semellante, Santiago o Maior amosa o camiño de salvación co bordón de peregrino, de maneira que ao peregrino tamén se lle franquea a entrada no Reino de Deus a través da vía de ascesis e oración propiciada polo camiño de Santiago.

Cando a peregrinación xacobeá faise fenómeno de masas, o peregrino medieval adoita certa indumentaria e uns elementos de viaxe cos que se identifica e diferencia dos demais camiñantes: **manto, bolsa de viaxe, sombreiro, bordón no que se apoia e se defende, cabaza para auga ou viño augado e cuncha de vieira**. Nos primeiros tempos os peregrinos conseguían na praza do Paradiso da cidade de Santiago, ou nas praias do *finis terrae*, unha cuncha que cosían á roupa ou penduraban do seu pescozo na viaxe de volta; andando o tempo, a cuncha de vieira, que segundo o *Veneranda dies* debe lembrarilles aos peregrinos que a levan as boas obras nas que deben perseverar ata o fin dos



seus días, xa adornaba o *habitus peregrinorum* na viaxe de ida a Compostela, facendo máis doada a identificación do xacobita. Este equipamento determinou a creación dun repertorio de atributos caracterizadores da iconografía xacobeas que, por un proceso de identificación de Santiago cos seus devotos, deu lugar a un tipo iconográfico orixinal e emblemático, como é a do apóstolo peregrino. **Durante a Idade Media dáse unha síntese na que Santiago porta certos atributos de peregrino**, como son o bordón e a vieira, conservando os rasgos xenéricos do evanxelizador, vestindo unha longa túnica ou *palium* -prenda atemporal ligada aos tempos históricos no que viviron Xesús e os seus discípulos-, portando o Libro das Sagradas Escrituras e camiñando cos pés descalzos. O sermón *Veneranda dies* do Libro I do "Calixtino" (ca. 1135) é a mellor base documental para saber do significado simbólico destes elementos característicos da peregrinación a Compostela.

Durante o século XV as imaxes de Santiago como apóstolo peregrino continúan expoñéndose nos espazos destinados pola arquitectura á imaxinería monumental, poboando tamén retablos de pedra ou madeira. Formando parte da magnífica colección de arte medieval occidental do Museo Metropolitano de Arte de Nova York, resalta unha serie de iconografías xacobeas de finais da Idade Media que engrandecen esta institución cultural da Quinta Avenida, unha das máis importantes do mundo. A imaxe máis antiga desta pequena serie posiblemente proceda do exterior dun templo; trátase dunha escultura en pedra calcárea, con restos de policromía, de Santiago peregrino



Santiago o Maior, escultura en pedra calcárea con restos de policromía, procede de Poligny, Franco Condado (este da actual Francia) 1450-1475

orixinaria de Poligny, Franco Condado (este da actual Francia), labrada entre 1450 e 1475, e cunhas dimensións de 151,1 x 69,9 x 40,6 cm. O apóstolo cóbrese con **longa túnica e un manto espectacular e moi plástico**, levantado para deixar libres as mans do santo, o que provoca un fondo pregado que produce un atractivo xogo de luces e sombras, e que harmoniza, pola súa plasticidade, co abundante cabelo e os densos bucles da longa barba de Santiago. Tócase cun sombreiro de bordo dobrado cara arriba e decorado por imponente cuncha de vieira, e supoñemos que levaría o bordón na man dereita, deixando a esquerda para amosar o Libro que o acredita como apóstolo evanxelizador. O seu estado de conservación non permite apreciar ben os rasgos dun Zebedeo caracterizado como home maior.

Ademais de poboar fachadas e torres de igrexas e catedrais, o apóstolo tamén gozou de **representacións en pedra ou madeira policromada para os altares**. A escultura gótica europea en madeira tratou con xenerosidade o tema de Santiago peregrino como imaxe devocional. O Metropolitan custodia unha destas iconografías, procedente do sur

de Alemaña, escultura en madeira dourada e policromada datada cara 1475-1500. Santiago o Maior viste túnica e manto ata os pés, camiña calzado con botas de viaxe, leva nunha man o bordón, e posiblemente coa man perdida portaría as Sagradas Escrituras, e cóbrese con sombreiro decorado con cuncha de vieira. É de admirar a gran calidade dunha peza que asume a plasticidade nun estereotipado pregado de panos, duros e aristados, pero sobre todo no volume da cabeza e na beleza do rostro, de rasgos regulares e mirada perdida cara o alto, enmarcados por longa cabeleira e abundante barba.

A terceira das imaxes do santo patrono dos peregrinos procede do ducado de Borgoña, unha potencia política, económica e cultural na Europa medieval, independente ata 1482. Esta **magnífica escultura borgoñona de Santiago**



**o Maior**, labrada entre 1475 e 1500 en pedra calcárea, representa moi ben o realismo tardogótico derivado da extraordinaria tradición escultórica de mestres como Claus Sluter (ca. 1350-1405/6). O corpo do apóstolo



-que neste caso non se apoia no bordón- queda sumido polo barroquismo de túnica e manto, ocultando unha anatomía que, pese ao enmascaramento dos panos e do plástico pregado, amosa un dinámico *contrapposto*, esa harmónica oposición das partes do corpo capaz de dotar de vida á escultura. Os detalles das veas inchadas da man esquerda e o buscado realismo dos rasgos faciais, na procura dunha caracterización psicolóxica, tamén harmonizan coa fonda mirada dun apóstolo que parece estar atento a un detalle ou necesidade que se está a dar no camiño, ou tal vez procura a conversa cun apóstolo veciño, hoxe perdido, que en orixe o acompañaba no portal dunha igrexa.

Os atributos da peregrinación occidental non se contentaron con vestir ás imaxes de Santiago. Tamén acadaron ás representacións de Cristo, María, san Roque, santa Tareixa de Xesús e outros santos; quizais a máis célebre de todas elas sexa a labrada en relevo no claustro románico de Santo Domingo de Silos: o encontro de Cristo resucitado cos dous discípulos de Emaús; unha escena na que Xesús aparece caracterizado como peregrino, coa vieira cosida na súa escarcela. No caso da colección xacobeas do Metropolitan Museum of Art de Nova York, hai unha **preciosa imaxe de santa Sabina de Troyes caracterizada como peregrina.**



Santa Sabina de Troyes, escultura en pedra calcárea con restos de policromía, procede de Troyes, Champaña, 1475-1500

Trátase dunha escultura en pedra calcárea con restos de policromía procedente de Troyes, Campaña, de 122,9 x 38,1 x 29,2 cm, na que a santa caracterízase como unha elegante moza

de rostro idealizado e ataviada á moda de principios do século XVI, amosando un vestido de talle alto, a cabeza cuberta por unha sinxela toca e un amplo manto que a cubre resaltando a plasticidade da peza. A obra foi realizada na rexión de Champaña entre os anos 1510-20, onde gozou de moita devoción na Idade Media, manténdose nos inicios do Renacemento, sendo doada en 1917 ao Museo polo célebre banqueiro, coleccionista e filántropo neoiorquino John Pierpont Morgan (1867-1943).

Esta devoción da santa na rexión de Champaña foi impulsada pola Lenda Dourada do dominico Giamomo della Voragine, texto do s. XIII no que relata unha gran cantidade de vidas do santoral occidental; por este texto pódese saber que Sabina e o seu irmán Sabiniano, que viviron a mediados do s. III, marcharon do domicilio paterno e fixéronse cristiáns. Sabina foi bautizada en Roma polo papa Eusebio, **e despois de cinco anos na Cidade Eterna, onde fixo varios milagres** -curando a cegos e paralíticos-, unha noite recibiu en soños a visita dun anxo que lle dixo que fose á cidade de Troyes onde atoparía ao seu irmán; cando pasaba por Rávena solicitou hospitalidade nunha casa na que agonizaba unha das fillas da familia á que curou antes de seguir camiño. Pouco antes de chegar á cidade de Troyes enterouse do martirio do seu irmán Sabiniano e pediulle a Deus que a levara con el, como así aconteceu. O curioso desta preciosa imaxe que custodia o Metropolitan é que a santa porta algúns atributos propios da indumentaria peregrinorum, como o bordón e a escarcela -evocación da súa especial peregrinación de Roma a Troyes-, ademais dunha rechamante palma que a identifica inaxeitadamente como mártir, posiblemente contaminación ou confusión coa mártir romana santa Sabina ou mesmo con santa Sabina de Ávila, posto que santa Sabina de Troyes, segundo a narración da Lenda Dourada, morreu en gracia de Deus pero de forma natural.

Aínda quedan máis pezas xacobeas -incluso de procedencia hispana- nos Cloisters da mesma institución museística, pero a intensidade artística da valiosa colección de pezas inspiradas na cultura do Camiño de Santiago que presentamos nestas páxinas ben merece unha visita aos espazos dedicados á arte medieval occidental no Metropolitan Museum of Art da Gran Mazá.

**Francisco Singul**

*Patrocinan:*

